

VIEIROS

Xestionado por [Vieiros](#)

TERÁ UNHA TIRAXE DE 5.000 EXEMPLARES

Nace 'Longa Lingua', a nova publicación da Mesa

A lingua galega ten un novo espazo para a reflexión. A [Mesa](#) pola Normalización Lingüística presentou este venres en Santiago a publicación 'Longa Lingua'. A publicación, que contará cunha tiraxe de 5.000 exemplares, será mensual, polo que pasará a ser a de máis difusión dentro das que teñen esta periodicidade. O presidente da Mesa, Carlos Callón, explicou que a revista xa está á venda en quioscos e librarías ao prezo de catro euros.

- 15:11 26/01/2007

Os socios da entidade e os centros de ensino que teñan convenios de colaboración recibirán exemplares. Segundo os seus promotores, a revista quere servir de material de traballo para os equipos de Normalizacións Lingüística das escolas. No primeiro número hai colaboracións de autores coma Xavier Queipo, Pilar García Negro, Xosé Manuel Sarille ou Nel Vidal.